

SANTO ESTEVO DE CHOUZÁN



Vista frontal igrexa Santo Estevo de Chouzán.

Monumento Histórico Artístico, declarado como tal en 1950.

En 1950, o antigo templo trásladase o actual emprazamento, con motivo da construción da presa de Os Peares, sufrindo considerables modificacións. Encaragado de dito traslado foi o

arquitecto Francisco Pons Sorolla, o igual que coa veciña igrexa de San Xoán de A Cova, pola mesma causa.



Primitivo e actual emprazamento de Santo Estevo de Chouzán

Xa se teñen noticias deste mosteiro, probablemente de orixe cenobita nos S. IX e X, relacionase con Oseira debido a unha donación de Alfonso VII, aínda que probablemente a súa orixe se remonta o S. IX onde aparece “Aouzán” baixo a titulación de Santo Estevo como donación realizada por un cabaleiro “Flaminio” e a súa muller “Remisilia”.

No S. XII é cedido a comunidade de Oseira, que o transforma nun mosteiro dúplice, en 1499, como a maioría dos mosteiros da zona desaparecía como tal baixo a reforma auspiciada polos Reis Católicos, anexionándoo a San Paio de Antealtares, pasando os seus bens e rentasa este en 1515, e continuaría exercendo como igrexa parroquial dependente do bispado de Lugo.

Este mosteiro contaba con canles de auga que o nutían de peixes, tanto a comunidade benedictina como ós veciños de arredores, ademais estes canles servían de forza motriz para os muíños e para regar as hortas do mosteiro.



Panorámica do antigo emprazamento.

A desamortización de Mendizábal en 1837 foi un golpe contundente e a construción do encoro de Os Peares provocou a súa defunción en 1950. Hoxe en día só se conserva a igrexa que pertenceu o mosteiro e que foi trasladada ao seu actual emprazamento para salvala das augas.



Vista xeral na nova ubicación o remate da obra.

A actual igrexa mostra perfectamente o uso de diferentes materiais, as partes reconstruídas das reproducidas segundo o modelo orixinal exactamente.

Para isto procedeuse a numerar as pezas orixinais para a súa recolocación do cal aínda quedan algunhas marcas, sábese que a planta inicial era cruciforme, o cal presentábaa coa tipoloxía atípica na zona en relación o arte románico.

Da época románica consérvase a ábsida cun tramo recto e outro semicircular, cubertas con bóveda de canón e cuarto de esfera respectivamente. Da mesma fábrica é o arco de medio punto peraltado e a xanela troneira que se encontra enriba deste. A ábsida divídese por catro columnas exteriores en cinco fragmentos, a esas columnas exteriores corespondenlle outras tantas interiores; os capiteis das primeiras presentan decoración con figuras humanas e aos capiteis das segundas decoración vexetal. Son interesantes a serie de modillóns que

recorren o beiril esculpido con cabezas humanas de animais e figuras xeométricas.



Exterior da ábsida.



Vista interior



Capiteis con formas vexetais.



Capiteis con figuras vexetais



Capiteis con figuras humanas.

O epígrafe que se conserva na súa porta norte fálanos da fundación o 1 de abril de 1314 por parte da Abadesa Teresa Arias.



Inscripción da porta norte.

Da época gótica, son o cruceiro e a nave, que está dividida en catro fragmentos.

Da época renacentista é o retablo maior pintado en 1664, que aínda conserva a data.

As pinturas murais cronoloxicamente sitúanse na primeira metade do S.XVI, de estilo gótico hispano-flamenco. Represéntase o Xuízo Final, onde podemos apreciar no inferno actitudes moi graciosas e irreverentes. O parecer eran dunha calidade considerable pero perdeuse no traslado.

A memoria falanos de Xuízo Final presidido por Cristo Xuíz, cos pés sobre a esfera terrestre, na que se destaca, Europa, Africa e Asia. En ambos os lados corte Celestial e Mátiros. Debaxo ceo e inferno, as arquitecturas con San Pedro reciben aos elexidos, mentres que varios demonios atormentan aos condenados. A mensaxe dada aos fieis coma sempre é clara e concisa.



Pinturas antes do traslado.



Pinturas na actualidade.

Sen dúbida as connotacións góticas que nos atopamos en Chouzán non nos permiten esquecer que nos atopamos nunha zona moi ligada a tradición mateana, a través, a través da diáspora de mestres e talleres derivados da arte de Mateo e a Catedral Compostelá, ou ben a través do núcleo ourensá.

As súas formas mostran parecidos considerables coa veciña igreza de Santo Estevo de Atán que podemos ver na outra beira do río Miño.

A advocación a Santo Estevo é moi numerosa nestas terras.

Mártir condenado por proferir blasfemas contra Moisés e contra Deus, o sanedrín condeado á lapidación. Por isto adoitase representar cun cesto pequeno ou montón de pedras, e un libro dalmático de diácono.



Imaxe de Santo Estevo enriba da porta principal.

A estrada lévanos ó pobo donde a través dun sendeiro entre viñedos e observando unhas panorámicas sobre o río Miño, cegamos a igrexa de Chouzán, que se atopa encaixada na ladeira dun monte.

Destacan as columnas que sosteñen a sancristía, emerxendo esta sobre o camiño que debemos percorrer para admirar a totalidade da súa absida.



Dícese que nesta zona do río pasaba unha importante vía de comunicación, xa que se ten constancia que en épocas medievais dos coñecidos “pasos de Chouzán” ou “Porto Monsulio”, por donde se cruzaba o río Miño. Enfrente localízase Marce, donde existiu un castelo con unha torre de homenaxe que era tan alta que se di que a súa sombra tapaba esta igrexa, que se localizaba na beira oposta.





Fotografía de Roi Fernández para o artigo “El románico de la Ribeira Sacra que cambi3 de lugar”, de Francisco Albo para o xornal La Voz de Galicia.